



**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE "EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DO CENTRO INTERFEDERADO DE TUI".**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás trece horas do día 25 de agosto de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida polo Alcalde-Presidente D. Moisés Rodríguez Pérez, e como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D<sup>a</sup> Irene Suárez López e o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D<sup>a</sup> María Jesús Blanco Martínez.

Non asiste o animador deportivo municipal D. Diego Fernández López.

Pola Secretaría ponse en coñemento da Mesa de alegación presentada pola licitadora Dna. Victoria Eugenia Martín Rodríguez, que na súa parte dispositiva, indica o que se transcribe literalmente:

*"(...)Primeiro, En primeiro lugar quérese manifestar que a oferta gañadora suponse intencionadamente fraudulenta, caso de non se contatar o servizo nos termos e cantidades indicadas e retirarse a proposta en beneficio do segundo candidato. Aléndo e ser temeraria ao alza co propósito de desvirtuar a regra de cálculo das puntuacións polas que se valoran as ofertas.*

*Por todo o exposto,*

*SUPLICA*

*A invalidación do procedemento electivo de candidatos."*

Á vista da alegación presentada, a Mesa de contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- Non admitir a trámite a alegación presentada por Dona Victoria Eugenia Martín Rodríguez, no relativo ao suposto de cosiderar a proposta económica presentada como "anormal ou desproporcional", por canto non hai previsión nos pregos da licitación relativa aos criterios para considerar a oferta con valores anormais ou desproporcionada, todo elo segundo o previsto no art. 152.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP). Non obstante o anterior, no caso de retirada antes da adjudicación a oferta do licitador que presentou a máis vantaxosa, procederáse á declaración de incursión en prohibición de contratar se se dan as circunstancias do artigo 60.2 d) do TRLCSPP.

2º.- En base ao anterior, **proponer, de conformidade coas puntuacións outorgadas na Mesa de Contratación realizada o pasado 8 de xullo, a D. Carlos Alberto Estévez Gómez, DNI 35553466C, con enderezo en rúa Sanz, nº 12, cp 36700 Tui, como adjudicatario do contrato por se-la oferta máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa que se indica no art. 7 - sobre A) - Documentación administrativa - do prego de cláusulas administrativas, aspectos presentados polo licitador mediante declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro.**

Rematado o acto se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M<sup>a</sup> Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR.

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez